



**O municipio cangués rematará 2021 con 9.334 inmobles preparados para recibir todos os servizos de nova xeración de R**

## **R conecta máis vivendas e empresas de Cangas ás súas redes avanzadas**

- *Un total de 193 inmobles dos núcleos das Gruncheiras e da Magdalena, no concello pontevedrés de Cangas do Morrazo, xa poden dispoñer de accesos a internet de ata 500 megas simétricos e do resto de servizos avanzados de R*
- *A despregadura destas redes está subvencionada polos Fondos FEDER da Unión Europea a través do Programa de Extensión de la Banda Ancha de Nueva Generación (PEBA-Plan Avanza) do Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital.*
- *No marco deste plan do Ministerio, a peche de ano serán 1.091 os fogares e negocios de Cangas con conexión á infraestrutura de nova xeración do operador galego.*

**Mércores, 9 de xuño de 2021.-** O municipio pontevedrés de Cangas conta dende o mes pasado con **193 novos fogares e negocios** dos núcleos das Gruncheiras e da Magdalena conectados ás redes avanzadas de **R**. Grazas ao operador galego, todos eles poden gozar xa de accesos ultrarrápidos a internet de ata 500 megas simétricos e doutros servizos de telecomunicacións de última xeración.

**R** vén de rematar arestora un treito dos traballos de despregadura de rede neste concello capital da bisbarra do Morrazo, aproveitando ao máximo as infraestruturas municipais dos novos núcleos incorporados. Coa recente conexión destes 193 novos inmobles a cifra de residencias particulares e empresas conectadas á rede de **R** achégase na actualidade a **8.436**, tendo en conta todos os inmobles cangueses que o operador galego foi incorporando á súa infraestrutura dende hai máis de dúas décadas (á marxe do Plan Avanza).

No contexto do devandito plan do Ministerio a previsión fala de **898 inmobles máis a peche de 2021** repartidos nos núcleos de Boubeta, Castrillón, Carballa, O Cruceiro, Devesa, Verín, O Iglesiasario, Herbello, O Piñeiro e Gandón, co que Cangas comezará 2022 con **9.334 inmobles** (1.091 do Avanza e o resto de despregaduras a maiores do plan) preparados para recibir todos os servizos avanzados de telecomunicacións de **R**.

## 10 millóns de investimento e fondos europeos

Esta e outras actuacións de extensión de rede na provincia de Pontevedra forman parte dun dos **tres proxectos do Plan PEBA-Avanza** do Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital dos que **R** resultou adxudicataria en 2018 para despregar a tecnoloxía FTTH en 512 núcleos de Galicia que non dispuxesen de alta velocidade ata o momento (“zonas brancas”).

No desenvolvemento dos tres plans investíranse un total de **10M€**, dos cales preto de 8M€ están sendo subvencionados polos fondos FEDER da Unión Europea. En concreto, esta última despregadura en Cangas do Morrazo, nos núcleos das Gruncheiras e da Magadalena, encádrase no proxecto destinado á extensión de redes de nova xeración en **162 núcleos do centro-oeste de Galicia** (norte de Pontevedra, sur da Coruña e oeste de Lugo). O investimento total neste caso é de 3,58M€, 2,86 deles subvencionados polos fondos FEDER da Unión Europea.

Un segundo proxecto fala igualmente da despregadura de banda ancha de nova xeración con tecnoloxía FTTH, desta volta en **196 núcleos de municipios do suroeste de Galicia** (Pontevedra). Os traballos nestas zonas suporán un investimento total de 3,75M€, cunha subvención dos fondos FEDER de máis de 3M€.

O terceiro dos proxectos adxudicados desenvólvese en **154 núcleos de municipios do noroeste de Galicia** (A Coruña, norte de Pontevedra e oeste de Lugo). Para estas actuacións, cun investimento total de 2,6M€ desíñase unha axuda dos fondos FEDER de 2,09M€.

## 65.000 fogares e negocios conectados a peche de 2021

Arredor de **32.000 novos fogares e negocios** de Galicia quedarán conectados ás redes de nova xeración de **R** cando rematen as actuacións adxudicadas en 2018 ao operador galego polo Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital.

A estes traballos hai que lles unir as tarefas de extensión de redes avanzadas que **R** desenvolveu dende 2016 en virtude doutro concurso do Plan PEBA do Ministerio para achegarlles tamén a tecnoloxía FTTH a diferentes “zonas brancas” da xeografía galega; en concreto, para conectar **33.000 fogares e negocios**, cuxos servizos están en fase de comercialización, ás redes de nova xeración de **R**.

Deste xeito, ao remate dos dous plans, preto de **65.000 novas residencias particulares e empresas** quedarán preparadas para recibir os servizos avanzados de **R**.

A día de hoxe, só no marco do Plan Avanza, **R** ten chegado por vez primeira coas súas redes de nova xeración a Vilagarcía de Arousa e tamén a núcleos de poboación das catro provincias galegas que nunca dispuxeran de alta velocidade nos municipios do Rosal, Monterroso, Pallas de Rei, Boqueixón, Porto do Son, Curtis, Cuntis, Meaño, Pobra de Trives, Petín, Barreiros, Lourenzá, Ortigueira, Cariño, Camariñas, Muros, Cerceda, Antas de Ulla, Moraña, Guitiriz, Tomiño, Abegondo, Ribadumia, Combarro, Muxía e Ponte Caldelas.

Todas estas localidades poden desfrutar de accesos ultrarrápidos a internet de 500 megas simétricos con velocidade garantida, do desco Android 4k da televisión dixital de **R** e de pura alta definición co servizo **rebobina** para ver a tele como e cando se queira.

Así mesmo, as/os clientas/es de **R** poden aforrar no seu plan de datos móbiles e conectarse de balde a arredor de 130.000 puntos da rede wificlientes **R** espallados pola xeografía galega. E todo isto, cunha atención ao/á cliente/a próxima, de calidade e sempre dende Galicia.

**comunicación R**  
[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)  
[R.gal](http://R.gal)

